



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 1 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION, POLO PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE, DO SUMINISTRO, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA DE VARIOS VEHÍCULOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA POLICIA LOCAL

CLAUS.1ª- OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

- 1.1. Obxecto do contrato.
- 1.2. Normas aplicables.
- 1.3. Órgano de contratación.
- 1.4. Procedemento de adxudicación.

CLAUS. 2ª- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

- 2.1. Prezo de arrendamento.
- 2.2. Valor residual dos vehículos
- 2.3. Cargo por exceso de kilómetros e mellora do kilometraje mínimo anual por vehículo
- 2.4. Prezo do contrato.

CLAUS. 3ª- REVISIÓN DE PREZOS.

CLAUS 4ª- DURACIÓN DO ARRENDAMENTO, PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

- 4.1 Duración do arrendamento.
- 4.2 Prazo e lugar de entrega do suministro.
- 4.3. Prazo do exercizo da opción de compra

CLAUS. 5ª- PRAZO DE GARANTÍA

CLAUS. 6ª- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

CLAUS. 7ª- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS

CLAUS. 8ª- PROPOSICIÓNS

8.1. Lugar, prazo de presentación, resolución dúbidas dos PCAP e PPT e acceso ao perfil do contratante.

8.2. Documentación.

8.2.1.- Sobre A: Subtitulado “Declaración responsable”.

A) Declaración responsable

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación

8.2.2.- Sobre B: Subtitulado “Documentación técnica”

8.2.3.- Sobre C: Subtitulado “Proposición económica”

8.2.4.- Documentos orixinais e lingua

CLAUS. 9ª- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

9.1. Criterios de adxudicación.

9.1.1.- Criterios cuantificables de xeito automático.

9.1.2.- Criterios cuantificables de xeito non automático por depender dun xuízo de valor.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 2 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

9.2. Normas xerais

9.3.- Adxudicación do contrato

9.3.1.- Cualificación previa da documentación acreditativa da capacidade e solvencia e proposta de contratación

9.3.2.- Presentación de documentación e adxudicación do contrato

CLAUS. 10ª- MESA DE CONTRATACIÓN

CLAUS. 11ª- GARANTÍA DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLAUS. 12ª - EXECUCIÓN DO CONTRATO

12.1. Prazo de execución.

12.2. Dirección dos traballos.

12.3. Abonos ao contratista do arrendamento

12.4. Abonos ao contratista da opción de compra

CLAUS. 13ª- LEXISLACIÓN LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

CLAUS. 14ª- RESPONSABILIDADE. DANOS

CLAUS. 15ª- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

CLAUS. 16ª- DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA

CLAUS. 17ª- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

CLAUS. 18ª- RÉXIME XURIDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE

ANEXO I. DECLARACION RESPONSABLE

ANEXOII PREZO UNITARIO DESGLOSADO



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 3 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE, DO SUMINISTRO, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA DE VARIOS VEHÍCULOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA POLICIA LOCAL

I. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

I.1. Obxecto do contrato.

O obxecto deste contrato é o suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de dous (02) vehículos para a prestación do servizo da policía local do concello de Bueu.

As características técnicas dos bens obxecto do suministro detañanse no prego de prescricións técnicas particulares reguladores desta contratación.

A rotulación específica da condición de vehículo da Policía local, en ambos lotes, rexirase pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 29 de decembro de 2010 pola que se establecen os elementos de configuración externa e deseño para o marcado e rotulación dos vehículos a disposición das policía locais e vixiantes municipais (DOG núm. 01 de 03.01.2011).

A clasificación do subministro consonte ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: 34100000-8 Vehículos de motor; 66114000-2 Servicio de arrendamiento financiero.

O arrendamento incluírá a cargo do arrendador as seguintes obrigas e servizos ao longo da vixencia do contrato:

- A prestación de todos os servizos necesarios para o correcto funcionamento dos vehículos suministrados e a mano de obra que requiera, tales como asistencia técnica, mantemento integral, reparacións de averías, repostos e substitución de pezas, todas as revisións periódicas que establezca a marca no libro de mantemento do vehículo, con independencia de que o vehículo se atope ou non no período de garantía do fabricante. Farase cargo dos gastos de matriculación, transporte e entrega no destino, de todos os impostos relacionados coa tenencia e circulación do vehículo, o seguro a todo risco, etc. Así coma os gastos dos anuncios de licitación.

- A póliza de seguro dos vehículos, que será a todo risco e sen franquicia, deberá cubrir como mínimo as seguintes coberturas nos termos establecidos nos pregos de prescricións técnicas:

Responsabilidade civil obrigatoria.

- o Responsabilidade civil voluntaria ilimitada.
- o Danos propios sufridos polo vehículo e os seus accesorios
- o Danos por colisión.
- o Ocupantes, defensa e reclamación de danos.
- o Roubo do vehículo.
- o Rotura de lúas.
- o Asistencia en estrada 24 horas de cobertura nacional
- o Xestión de multas

No suposto de que a póliza de seguros estivera suxeta a algún tipo de franquicia, a mesma será asumida pola empresa adxudicataria.

- Para garantir a calidade e inmediatez, calquer operación que se realice nos vehículos (mantemento ou reparacións, chapa, pintura, neumáticos, etc) deberá levarse a cabo en servizos oficiais da marca do vehículo ubicados, de ser posible, no termo municipal, ou no seu defecto, no máis próximo ao termo municipal de Bueu. Asimesmo, calquer operación que se realice no equipamento policial (rotulación, sinalización prioritaria, etc) deberá levarse a cabo en servizos oficiais ho-



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 4 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

mologados ubicados no termo municipal, ou no seu defectos no máis próximo ao termo municipal de Bueu.

I.2. Normas aplicables.

O presente contrato de subministro ten carácter administrativo, tal e como establecen os arts. 9 e 290 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14.11, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), e ámbas as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto refundido, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente, no que non se atope derogado por ésta, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 e no Real decreto 817/2009, de 08/05, que desenvolve parcialmente a lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro. O descoñecemento do contrato en calquera do seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos á regulación harmonizada os contratos de suministro cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no seu art. 15.1.b). Neste senso, O PRESENTE CONTRATO NON ESTÁ SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

I.3. Órgano de contratación.-

O órgano de contratación é a Xunta de goberno local do Concello de Bueu, por delegación de alcaldía efectuada mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11). Dito órgano ten as facultades relativas á adxudicación do correspondente contrato e, as prerrogativas de interpretarlo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlo por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, co sujeción á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen perjuicio do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdicción competente.

I.4. Procedemento de adxudicación.-

O contrato se adxudicará polo procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, nos termos sinalados nos arts. 150.1, 157 a 161.2 do TRLCSP, e tramitación urxente do expediente coas singularidades establecidas no art. 112 da citada norma.

II. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

II.1. Prezo de arrendamento.-

O prezo do arrendamento que servirá de base para a licitación fíxase na cantidade máxima de 14446,31 € anuais, sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 3.033,72€ nos termos sinalados no art. 87 do TRLCSP, a distribuír en corenta e oito (48) mensualidades, cantidade que poderá ser mellorada polos licitadores na súa oferta, o que supón unha contía total de 57785,26 € sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 12134,90 €.

O prezo máximo do arrendamento queda desglosado do xeito sinalado na taboa que figura como anexo. O importe das cuotas mensuais será fixo ao longo do período de vixencia do contrato



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 5 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

As aplicacións orzamentarias das obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato é a 130.35800 e 130.64800 do orzamento vixente.

O expediente de contratación é de tramitación anticipada e, sendo o gasto de carácter plurianual, de conformidade co art. 174 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05/05, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o 79 e seguintes do Real decreto 500/90, a realización do gasto, estará subordinada e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercizos correspondentes para financiar as obrigas derivadas do contrato de conformidade co art. 110 del TRLCSP. Neste senso, o concello comprométese a consignar nos exercicios correspondentes o crédito necesario para facer fronte ao gasto que derive da celebración do contrato que correspondan cada ano, coas limitacións que se determinen nas normas presupuestarias aplicables ao respecto, en cada momento, ás Entidades Locales

II.2.- Valor residual do vehículo.-

O importe do valor residual máximo de cada vehículo para o caso de que o concello decida efectuar a opción de compra, establececese no importe de 5000 €, sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 1050 €

A opción de compra (cuota mensual adicional correspondente ao valor residual dos vehículos) exercitarase na 49ª mensualidade e o Concello poderá exercitala para ambos vehículos o só para un deles.

II.3.- Cargo por exceso de km e mellora do kilometraje mínimo anual por vehículo.-

Os licitadores determinarán na súas ofertas o prezo unitario por kilómetro realizado que exceda sobre os kilómetros contratados que figuran na cláusula 2.3 dos PPT (20000 km ao ano por vehículo). O prezo ofertado incluírase dentro dos criterios de selección aos efectos da valoración e determinación da oferta económica máis vantajosa

Asemade poderán mellorar o kilometraje mínimo anual por vehículo contido na cláusula 2.3 dos PPT (20000 km ao ano por vehículo)

II.4. Prezo do contrato.-

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o Impuesto sobre o Valor Engadido nos termos sinalados no artigo 87 do TRLCSP.

As ofertas realizaránse á baixa sendo o tipo máximo o orzamento total da licitación detallado no parágrafo primeiro da presente cláusula. Ase mesmo deberán nas mesmas indicar por separado o prezo do arrendamento do fixado para o exercizo da opción de compra. A presentación de calquer oferta por prezo superior ao tipo de licitación nas licitacións á baixa suporá o rexeitamento automático da proposición u oferta

Na facturación mensual deberase desglosar o canon de mantemento e o prezo de arriendo por mor do disposto no art. 290.1 do TRLCSP.

III.- REVISIÓN DE PREZOS.

Atendendo á natureza do suministro, NON PROCEDERÁ EN NINGÚN CASO A REVISIÓN DE PREZOS DO PRESENTE CONTRATO e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión. Neste senso tanto as cuotas mensuais a abonar polo concello como o valor residual de cada vehículo permanecerán inalterables durante todo o período de duración do contrato, xa que o sistema basease na fixación de cuotas mensuais constantes, do xeito que no cálculo das cuotas de arrendamento, mantemento e seguro, deben considerarse as previsións de incrementos anuais do IPC, que se pueden producir durante o período de vixencia do contrato.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 6 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

IV. DURACIÓN DO ARRENDAMENTO, PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

IV.1 Duración do arrendamento.-

A duración do arrendamento establececese nun período de 48 mensualidades (4 anos) contados a partir da data de recepción do suministro que formalizárase mediante a correspondente acta.

IV.2 Prazo e lugar de entrega.-

O prazo máximo de entrega será dun mes, contados a partir da formalización do contrato no correspondente documento administrativo, sen que sexa posible a súa entrega sen a previa formalización de acordo co disposto no art. 156 do TRLCSP.

O suministro efectuarase en presenza do concelleiro delegado da área de Seguridade cidadán e do Xefe da Policía local do concello, debidamente matriculado, coa documentación necesaria para a súa circulación tramitada, pintado, cos demais requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e coa rotulación específica da condición de vehículo da Policía local esixida na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 29 de decembro de 2010 pola que se establecen os elementos de configuración externa e deseño para o marcado e rotulación dos vehículos a disposición das policía locais e vixiantes municipais

IV.3 Prazo do exercizo da opción de compra.

A administración municipal poderá exercer, ao remate do contrato de arrendamento, a opción de compra sobre a totalidade ou parte dos bens arrendados, consorte o prezo de adxudicación, previa notificación fehaciente ao contratista da vontade do exercizo da opción, dentro do derradeiro trimestre de vixencia do contrato que establece dito prazo contractual

V. PRAZO DE GARANTÍA

Non procede a determinación dun período de garantía, toda vez que o uso dos vehículos está garantizado coa suscripción do correspondente seguro e a obriga polo adxudicatario de proceder ao seu mantemento e reparación das averías nos termos sinalados nos pregos de prescricións técnicas e polo prazo do arrendamento

VI. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte nos termos establecidos no art. 74 e seguintes do TRLCSP.

Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos artigos 55, 57 e 59 do TRLCSP, respectivamente.

No poderán concorrer ás licitacións empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por sí ou mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrerza ou supor un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas licitadoras.

VII. UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 7 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

A Administración municipal poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula VIII e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración municipal.

VIII. PROPOSICIÓNS:

VIII.1. Lugar, prazo de presentación, resolución dúbidas dos PCAP e PPT e acceso ao perfil do contratante.

As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de OITO (08) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no B.O.P., sen perxuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados, e en TRES (03) SOBRES PECHADOS, denominados A, B e C, que deberán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na presente cláusula.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvedade ou reserva algunha.

En cada un dos sobres figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO SUBMINISTRO, e incluirá a documentación que se indica no apartado seguinte.

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescricións técnicas e, no seu caso, demáis documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convintes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 8 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

de presentación de proposicións. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule

Ao perfil do contratante accedese dende a páxina web do concello de Bueu (www.concellodebueu.org)

VIII.2. Documentación.

VIII.2.1.- Sobre A: Subtitulado “Declaración responsable”.

Conterá a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

A aportación da documentación esixible ao abeiro do disposto no apartado 1 do art. 146 do TRLCSP relativa á acreditación da personalidade e representación do licitador, e da clasificación e/ou solvencia económico-financieira e técnica substituirase por unha declaración responsable según o modelo que figura como anexo I. Adxuntarase á mesma copia compulsada do DNI do licitador e, no caso de persoas xurídicas, escritura de constitución e escritura de poder da persoa física que actúe en representación dela

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

“D/D^a _____, no seu propio nome (ou na representación da empresa _____), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, se realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ ou ao correo electrónico _____”

En _____, a _____ de _____ de 2013
Selo e sinatura do licitador,

VIII.2.2.- Sobre B: Subtitulado “Documentación técnica”. Conterá a documentación técnica e demais documentación sobre criterios de valoración que non son evaluables de xeito automático con arreglo a cifras, fórmulas ou porcentaxes por depender dun xuízo de valor.

Aportárase neste sobre unha memoria descriptiva dos vehículos a suministrar co seguinte contido mínimo:

- Descrición das características técnicas e funcionais, así como da marca e modelo dos vehículos ofertados e do seu equipamento
- Descrición do servizo de mantemento e asistencia técnica a prestar polo suministrador dos vehículos co indicación expresa dos conceptos que quedan cubertos con dito servizo, os puntos de servizo de mantemento, reparacións, substitucións e repostos
- Póliza do seguro e coberturas
- Catálogo específico do vehículo
- Melloras ofertadas según a relación detallada sinalada na cláusula IX.1
- Toda aquela documentación adicional e complementaria que, a xuízo do licitador, deba terse en conta o sexa de interese para describir a súa oferta

Os bens a suministrar deberán axustarse as características e determinacións técnicas mínimas que se establecen nos PPT

VIII.2.3.- Sobre C: Subtitulado “Proposición económica”. Conterá a oferta económica e demais documentación sobre criterios de valoración cuantificables de xeito automático con arreglo a cifras, fórmulas ou porcentaxes.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 9 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

A proposición económica comprenderá por separado o prezo do arrendamento ofertado e o prezo ofertado para o exercizo da opción de compra e presentarase consonte ao seguinte modelo:

“D/Dª....., con enderezo a efectos de notificacións na r/....., núm....., con D.N.I....., en representación da entidade....., con C.I.F....., enterado do expediente para a contratación do SUMINISTRO, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA DE VARIOS VEHÍCULOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA POLICIA LOCAL por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, fago constar que coñezo o Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcions técnicas, que sirve de base ao contrato e o acepto íntegramente, tomando parte na licitación e declaro responsablemente que

1º.- Me comprometo á entrega dos vehículos ofertados no sobre B da miña proposición polo prezo a satisfacer en 48 mensualidades fixas por vehículos, máis unha adicional correspondente ao seu valor residual (para o caso de exercitar a opción de compra) que se desglosan nos seguintes importes:

PRECIO SUMINISTRO RENTING	IMPORTE TOTAL POR VEHÍCULO		CUOTA MENSUAL FIXA POR VEHÍCULO	VALOR RESIDUAL POR VEHÍCULO
Precio sen IVE		€	€	€
IVE (21%)		€	€	€
Precio IVE incluído		€	€	€

2º.- O prezo por km que exceda sobre os km contratados por vehículo (20000 km ao ano por vehículo) establececese na seguinte cantidade:

PREZO KM EXCEDIDO POR VEHÍCULO	
Precio sen IVE	€
IVE (21%)	€
Precio IVE incluído	€

3º.- O kilometraje anual por vehículo é de _____kilómetros o que supón _____kilómetros máis sobre o kilometraje mínimo anual previsto en el PPT

4º.- Me comprometo dentro do importe ofertado, a realizar o servizo de mantemento, reparación e asistencia técnica do vehículo ao longo da vixencia do contrato, así como as restantes prestacións comprendidas dentro do contrato de arrendamento financeiro que se detaian nos pregos

5º.- A empresa que represento cumpre todos os requisitos e obrigas esixidos pola normativa vixente para a realización da actividade profesional, mercantil ou comercial relacionada co obxecto do contrato.

Lugar, data e sinatura do proponente”

Os prezos deberán incluír os impostos aplicables e os gastos de xestión de adquisición, entrega e impostos de matriculación, circulación e seguro do vehículo.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 10 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

En caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá ésta última. Non serán aceptadas aquelas proposicións que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración municipal estime fundamental para a súa oferta.

VIII.2.4.- Documentos orixinais e lingua

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galego e haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

IX. ADJUDICACIÓN DO CONTRATO

IX.1. Criterios de adjudicación

IX.1.1) Criterios cuantificables de xeito automático:

Criterio 1º.- Oferta económica máis ventaxosa ou menor prezo na cuota fixa mensual por vehículo. Valorable de 0 a 40 puntos.

A puntuación prevista neste criterio distribuirase nas seguintes puntuacións parciais:

- Outorgarase ata un máximo de 30 puntos polo prezo ofertado en concepto de arrendamento
- Outorgarase ata un máximo de 10 puntos polo prezo ofertado en concepto de opción de compra

A asignación de puntos en cada un dos apartados anteriores farase outorgando a máxima puntuación a oferta económica máis ventaxosa e cero puntos ás propostas que sexan iguais ao prezo da licitación. Ao resto das proposicións otorgarase a puntuación que proporcionalmente lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P=PMx (PL-OA)/(PL-OME)$$

(P- Puntuación de cada oferta
PM- Puntuación máxima
PL- Presuposto licitación
OA- Oferta a valorar
OME- Oferta máis ventaxosa)

Criterio 2º.- Oferta económica máis ventaxosa por axustes de kilometraxa. Valorable de 0 a 20 puntos

A puntuación prevista neste criterio distribuirase nas seguintes puntuacións parciais:

- Outorgarase ata un máximo de 15 puntos polo cargo por kilometro excedido sobre os contratados previstos no presente prego en no PPT

A asignación de puntos farase outorgando a máxima puntuación a oferta económica máis ventaxosa e cero puntos ás propostas que sexan iguais ao prezo da licitación. Ao resto das proposicións otorgarase a puntuación que proporcionalmente lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P=PMx (PL-OA)/(PL-OME)$$

(P- Puntuación de cada oferta
PM- Puntuación máxima
PL- Presuposto licitación
OA- Oferta a valorar
OME- Oferta máis ventaxosa)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 11 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

- Outorgarase ata un máximo de 05 puntos polo maior kilometraje anual ofertado sobre o mínimo anual previsto en el PPT

A asignación de puntos farase outorgando a maior puntuación ao licitador que mellor oferta realice, e aos restantes en proporción a ésta, por regla matemática de tres.

IX.1.2) Criterio cuantificable de xeito non automático por depender dun xuízo de valor:

Criterio 1º.-Mellor produto ofertado en función da súa calidade, características técnicas e funcionais. Valorable de 0 a 40 puntos distribuídos segundo os seguintes apartados:

- Potencia do vehículo (CV), ata un máximo de 15 puntos
- Tipoloxía todo-terreo, tracción catro rodas ata un máximo de 20 puntos
- Melloras no equipamento do vehículo ata un máximo de 05 puntos. Se considerará como tales melloras, as que aumenten o equipamento básico dos vehículos ofertados dentro da seguinte relación pechada:

- A) Dotación de lanterna e cono difusor da mesma
- B) GPS,
- C) Kit de detidos
- D) Vehículo de substitución

De conformidade co previsto no artigo 85 del RGLCAP, consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concurrindo un so licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de cuantía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Nembargante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media so coas ofertas que no se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor cuantía.

A valoración das proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo ós efectos do disposto no artigo 152 del TRLCSP, levarase a cabo de conformidade co establecido no artigo 86 del RGLCAP.

Cando se presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados, estarase ao que dispoñe o artigo 152 do TRLCSP en relación con el artigo 22.1.f) del Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que concerne á tramitación das proposicións, requiríndose para a declaración en tal sentido a previa audiencia ó licitador que a haxa presentado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente, propoñendo a Mesa ao órgano de contratación a súa aceptación ou rexeitamento.

No suposto de que existan dous ou máis ofertas iguais que resulten ser as máis ventaxosas a proposta de adxudicación decidírase entre estas mediante sorteo que efectuará a Mesa de Contratación.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 12 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

IX.2. Normas xerais

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á entrega do suministro, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do contrato, d) antes da formalización do contrato, e) a acta de recepción do suministro, etc.) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP. Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo órgano competente da Corporación a designación do responsable do contrato.

IX.3. - Adxudicación do contrato:

IX.3.1º.- Cualificación previa da documentación acreditativa da capacidade e solvencia e proposta de contratación.

Dentro dos tres días hábiles seguintes ao de terminación do prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto o Presidente ordenará a apertura dos sobres A e o Secretario da mesa certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará por correo electrónico aos interesados e o anunciará no tablón de anuncios do concello, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

Aos efectos establecidos nos artigos 54 a 64 y 82 del TRLCSP, a Mesa e o órgano de contratación poderán recadar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requerirle para a presentación doutros complementarios.

A Mesa, unha vez calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados neste prego, con pronunciamiento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

A apertura do sobre B relativo á documentación técnica das proposicións admitidas, levarase a cabo pola mesa de contratación en acto público cuya celebración terá lugar no salón de plenos da casa consistorial, ás 12 horas do quinto día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas. Se este día caera en sábado, trasladarase ó inmediato hábil seguinte. Con anterioridade ao momento da apertura, o Presidente dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada, e seguirá a apertura das proposicións admitidas, dándose lectura delas.

Unha vez aberto o sobre B, a mesa procederá á valoración e ponderación da documentación contida no mesmo consorte aos criterios establecidos no presente prego, poidendo solicitar para elo os informes técnicos oportunos cando así o considere convinte, en cuxo caso, unha vez recibidos os mesmos, reuniráse de novo a mesa para a súa valoración. Os técnicos encargados de emitir os informes contarán coa cualificación profesional axeitada en razón da materia sobre a que verse a valoración.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 13 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

Efectuada a valoración da documentación técnica contida no sobre B, procederáse á apertura do sobre C relativo á proposición económica, que levarase a cabo en acto público. A estes efectos, publicarase no perfil do contratante do concello a data, hora e lugar no que se celebrara dito acto. A mesa dará a coñecer, co carácter previo, o resultado da valoración e puntuación asignada á documentación técnica (sobre B) procedendo a continuación á apertura e valoración da oferta económica contida no sobre C das proposicións admitidas e formulará a proposta de adxudicación que estime pertinente ao órgano de contratación.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Recibidos os mesmos e reunida novamente a Mesa de Contratación, emitirá, proposta de adxudicación que se elevará xunto coas proposicións e a acta, ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión en cumprimento do desposto no art.160.2 do TRLCSP).

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa non procederá cando de conformidade co art. 152 do TRLCSP e 85 do RGLCAP, se presuma fundamentadamente que a mesma non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

IX.3.2º.- Presentación de documentación e adxudicación do contrato

Efectuada a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, o órgano de contratación requirirá do licitador cuxa proposición sexa a economicamente máis ventaxosa para que, no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requerimento, presente a seguinte documentación:

- a. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias (estatais e comunidade autónoma) e coa Seguridade Social ou autorice expresamente ao órgano de contratación para obter de xeito directo dita acreditación,
- b. Xustificante de non ter débedas co concello de Bueu
- c. Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se houbera comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato consonte dispón o artigo 64.2 do TRLCSP
- d. Documentación acreditativa de ter constituída a garantía definitiva de acordo co previsto na cláusula XI deste prego. No suposto de constitución da garantía definitiva mediante retención no prezo deberá aportar declaración xurada asinada polo representante da empresa da súa vontade de acollerse á modalidade de constitución da garantía definitiva en metálico mediante retención do prezo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP
- e. Documento xustificativo de ter aboado os gastos dos anuncios do procedemento de contratación
- f. A documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo I ao presente prego.

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adxudicación concretaranse os termos definitivos do



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 14 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego.

A adxudicación será motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá os seguintes extremos:

- a. En relación cos licitadores descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa oferta.
- b. Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
- c. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicárase o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practícarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no [artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos](#). Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de quince días a contar dende a apertura das proposicións.

X. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro de Facenda e persoal: D. José I. García Cuervo.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- O Arquitecto Técnico Municipal

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

XI. GARANTÍA DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A garantía definitiva poderá constituírse mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP. Cando a garantía se constituía mediante retención do prezo, levaráse a cabo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP.

O contrato que resulte deberá ser formalizado en documento administrativo que se axuste con exactitud ás condicións da licitación, constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, corriendo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderánse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 15 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbera formalizado o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, en su caso hubiese exigido. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perxuízos que a demora lle poideran ocasionar

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

XII. EXECUCIÓN DO CONTRATO

XII.1. Prazo de execución. A duración do contrato e o prazo máximo de entrega será o establecido na cláusula IV do presente prego de cláusulas. Se o vehículo non se atopase en condicións de ser recibido, se fará constar expresamente na acta de recepción con indicación expresa e detallada dos motivos e se darán instrucións precisas ao adxudicatario para que subsane os defectos e proceda a un novo suministro. Cando non se realice dita subsanación ou substitución o Concello quedará exento da obriga de pago ou tendo o dereito, de ser o caso, a recuperar o prezo satisfeito

Se chegado o término de calquera dos prazos esixidos, o contratista incurriña en mora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas en contía de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. As penalidades imporáanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, de terse designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra.

A perda da garantía ou os importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e perxuízos a que poida ter dereito o Concello, orixinados pola demora do contratista.

XII.2. Dirección dos traballos. A dirección dos traballos destinados á execución do contrato corresponderá á Concellería delagada de Seguridade, sen perxuízo das facultades que se reservan ao órgano de contratación, e poderá intervir na fase de implantación nos momentos que considere oportunos.

XII.3.- Abonos ao contratista do arrendamento.- O abono do arrendamento farase unha vez de faga efectiva a recepción dos bens por periodos vencidos e previa presentación da factura correspondente que será conformada polo servizo ao que se adscriben os bens.
As cuotas do arrendamento terán periodicidade mensual sendo o seu importe fixo_

XII.4.- Abono ao contratista da opción de compra
No suposto de que a administración municipal exerza a opción de compra polo prezo establecido na adxudicación do contrato, o seu abono efectuarase ao contratista, unha vez houbra sido recibido formalmente pola administración municipal nos termos sinalados no presente Prego, e previa formalización do correspondente contrato de adquisición do/s ben/s sobres os que se realice a opción de compra

XIII. LEXISLACIÓN LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social. O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais, polo que verá obrigado a dispoñer as medidas esixidas por tales disposicións, sendo ó seu cargo o gasto que lle orixine.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 16 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

O persoal adscrito polo contratista á prestación obxecto do contrato, no terá ningunha relación laboral coa Administración municipal, baixo ningún concepto, dependendo exclusivamente do contratista, o cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo.

En xeral, o contratista responderá de cantas obrigacións lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel, ou entre os seus subcontratistas e os traballadores de un e outro, sen que poida repercutir contra a Administración municipal ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os organismos competentes. En calquera caso, o contratista, indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigacións aquí consignadas, aínda que iso lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

XIV. RESPONSABILIDADE. DANOS

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados para a execución do suministro.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos do suministro.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

XV.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán as previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 300.

XVI- DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA

Notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a presentar, no prazo de tres días naturais, en duplicado exemplar e conforme o modelo que se insire a continuación:

DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DE DATOS BANCARIOS

DATOS DO/A INTERESADO/A (A rellenar polo/a interesado/a)

RAZÓN SOCIAL:	
CIF:	VÍA PÚBLICA, Nº, PISO, PORTA:
LOCALIDADE:	
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA
TELÉFONO:	FAX:
APELIDOS E NOME DO/A REPRESENTANTE	
NIF:	TELÉFONO:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 17 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

Conforme: O/A TERCEIRO/A
Data:
Asdo.:

DATOS BANCARIOS (A cubrir pola Entidade Financeira)

ENTIDAD FINANCIERA (Banco ou Caixa):		SUCURSAL:																					
VÍA PÚBLICA:		Nº																					
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:																					
<table border="1"><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr></table>					<table border="1"><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr></table>					<table border="1"><tr><td> </td><td> </td></tr></table>			<table border="1"><tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr></table>										
ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	Nº DE CONTA																				
Data:		Certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta Entidade a nome do/a interesado/a arriba mencionado: (Sinatura e selo da Entidade Financeira)																					

De conformidade co disposto na Lei de Protección de Datos (L.O.15/1999), os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un fichero automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O/A titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da Lei, dirixíndose ó Excmo. Concello de Bueu (Pontevedra).

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE BUEU

(A/A TESOURERÍA)

Rúa de Eduardo Vincenti, nº 8.

36930 BUEU (Pontevedra).-

XVII- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

Os licitadores autorizan a comunicación dos seus datos persoais a entidades financeiras, Facenda Pública e diarios oficiais, así como a outros terceiros cando veña previsto especificamente nunha norma con rango de lei, e a outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias. No caso de que os participantes no presente procedemento facilitasen datos de carácter persoal de terceiros previamente á súa inclusión, deberán informa-los seus titulares dos puntos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obtiren o seu consentimento.

XVIII. RÉXIME XURIDICO

O presente contrato de subministro ten carácter administrativo, e ámbalas partes quedan sometidas expresamente ao TRLCSP, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente, no que non se atope derogado por esta, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Así mesmo conformará o réxime xurídico do contrato do suministro os pregos de prescricións técnicas elaborado por LAGARES OCA, S.L.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 18 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

administrativa e contra estes haberá lugar ao recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Decembro 2013.

O ALCALDE-PRESIDENTE.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 19 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico

C.I.F./N.I.F.:

Obxecto social ou actividade:

Epígrafe/s do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)

N.I.F.:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Poder: Escritura NºNotario D/Dª.....

Localidade.....Data.....

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpro cos requisitos de capacidade e solvencia esixidos na normativa reguladora da contratación do sector público solicita ser admitido na licitación do servizo denominado "SUMINISTRO, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA DE VARIOS VEHÍCULOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA POLICIA LOCAL" e en cumprimento do disposto nos arts. 146.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, na redacción dada pola lei 14/2013 de apoio a emprendedores e a súa internalización e na cláusula 8.2.1 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras da contratación de dito suministro

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚO A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E:

- 1.- Que cumpro tódolos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro para participar na licitación do servizo " SUMINISTRO MEDIANTE ARRENDAMENTO FINANCIERO CON OPCION DE COMPRA DE VARIOS VEHÍCULOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA POLICIA LOCAL ".
- 2.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior na data de remate do prazo de presentación de ofertas
- 3.- Que, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato administrativo da obra de referencia, me comprometo a presentar en tempo e forma a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro
- 4.- Que aos efectos da normativa sobre protección de datos personais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 20 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN

- 1.- NIF/CIF
- 2.- Escritura constitución ou modificación
- 3.- Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se acompañe o incorpore a una declaración responsable o a una comunicación previa, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable o comunicación previa, determinará la imposibilidad de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar. Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un periodo de tiempo determinado, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.")

Bueu, a.....de.....de 20.....
Asdo.:.....

**A documentación acreditativa da capacidade e solvencia que deberá presentar o licitador proposto será a seguinte nos termos previstos na cláusula 9.3.2 do PCAP (exceptuase a documentación presentada xunto coa declaración responsable):*

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario consonte esixe o art. 146.1 do TRLCSP

A-1) *Empresario individual: copia compulsada, notarial ou administrativamente, do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.*

A-2) *Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.*

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada, notarial ou administrativamente.

A-3) *Empresas comunitarias.*

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) *Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.*

A-5) *Empresas non comunitarias.*

1.- *Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.*

2.- *Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma*



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 21 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): Declaración de sometemento á xurisdición de Tribunais e Xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indireto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente a Secretaria da Corporación municipal previa solicitude formulada no rexistro xeral do concello según modelo que figura na web municipal.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c) e 60 do TRLCSP, nos termos esixidos no art. 146.1.c) do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

“D./D^a....., con DNI n^o.....e domicilio, a efectos de notificación, en.....provincia de.....rúa..... n^o.....en nome propio/ ou en representación da empresa á que representa no procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación do contrato de execución do subministro (Título)....., convocado polo Concello de Bueu

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)”

F) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato, sinala que é solvente economicamente para enfrontalo.*
- Seguro de indemnización por riscos profesionais*
- Presentación das contas anuais correspondentes aos últimos 3 anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda.*
- Declaración sobre a cifra global de negocios, referida aos últimos 3 anos, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros*

A xustificación da solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C32-13
Page 22 of 22

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por resolución de alcaldía de datadede 2013
Bueu, a de de 2013
A Secretaria do concello

Asdo.: Nuria Lobato Del Río

1º.- *Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista de servizos referente ao obxecto da presente licitación expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia*

2º.- *Relación dos principais servizos executados no curso dos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*

3º.- *Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso indicando a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación de acordo co establecido no prego de prescricións técnicas. Dito documento terá carácter de obriga esencial polo que a non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio do órgano de contratación debidamente razoado, terá carácter excluínte e o seu incumprimento considerase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 223 f) do TRLCSP.*

H) *Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.*

I) *Declaración de empresas vinculadas. No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.*

J) *Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia. Os licitadores poderán indicar o rexistro de licitadores e empresas clasificadas no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación vixente onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración municipal poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia. Cando a acreditación da capacidade e solvencia se realice mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas prevista no art. 83.2 do TRLCSP, ou mediante certificado comunitario de clasificación consonte dispón o art. 84, deberá adxuntarse unha declaración responsable do licitador na que manifeste as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo do cal o órgano de contratación poida, se o considera conveniente, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas*